



## REGULAMENTO PARA A ELECCIÓN DE ÓRGANOS INTERNOS NOS PROCESOS AUTONÓMICOS

### ÍNDICE

Preámbulo

Título I - Principios básicos do proceso

Título II - Composición dos órganos

Título III - Sobre o documento político-organizativo

Título IV - Calendario electoral

Título V - Proceso de elección

Título VI - Proclamación dos resultados

Anexo I - Calendario dos procesos constituíntes autonómicos

Anexo II - Disposicións transitorias do Documento Organizativo aprobado na Asemblea

Cidadá *Sí Se Puede*

Anexo III - Sobre a elección nos cabidos insulares

Anexo IV - Protocolo de Neutralidade para administradores/as de contas oficiais de redes sociais durante o proceso de constitución de órganos autonómicos

Anexo V - Formato tipo de acta de avais

## **PREÁMBULO**

Tralo proceso constituínte dos órganos internos a nivel estatal, que se desenvolveu por medio da Asemblea Cidadá *Sí Se Puede*, e tralos procesos constituíntes municipais, iníciase o proceso de constitución dos órganos autonómicos, pechando así esta grande etapa de construción interna de Podemos. As persoas que resulten elixidas para as Secretarías Xerais das Comunidades Autónomas<sup>1</sup> entrarán a formar parte do Consello Cidadán Estatal como membros natos.

## **TÍTULO I - PRINCIPIOS BÁSICOS DO PROCESO**

### **Artigo 1. Órgano de control**

O Consello Cidadán Estatal velará pola concordancia do proceso cos Principios Políticos e Organizativos establecidos pola Asemblea Cidadá *Sí Se Puede*. A Comisión do Consello Cidadán para os Procesos Constituíntes Territoriais (adscrita á Secretaría de Organización e á Área de Extensión, Organización Territorial e Círculos) será o órgano encargado de garantir o bo funcionamento do proceso e velar polo cumprimento deste Regulamento. A Comisión de Garantías Democráticas velará pola súa concordancia co establecido no documento de Principios Éticos.

### **Artigo 2. Dereito ao sufraxio**

Tódalas persoas inscritas en Podemos teñen dereito ao sufraxio activo (elixir) e, se son maiores de 18 anos, tamén ao pasivo (ser elixidos). As candidaturas que se presenten para os órganos internos de Podemos serán elixidas pola cidadanía, de forma directa e libre co seu voto.

### **Artigo 3. Agrupación de candidatos ou candidatas en listas**

No caso de que os candidatos ou candidatas desexen agruparse en listas, poderán facelo. Non obstante estas serán abertas, é dicir, os electores poderán desmarcar ou marcar nominalmente cada candidato/a libremente durante o proceso de votación.

### **Artigo 4. Equilibrio de xénero**

Segundo o establecido nos Principios Organizativos de Podemos, a proporción de persoas electas debe manter un equilibrio de xénero, sendo este o único criterio de corrección que se aplicará aos resultados en tódalas súas categorías. A corrección de xénero neste proceso será de 50-50, é dicir, a composición dos Consellos Cidadáns e as Comisións de Garantías Democráticas Autonómicas serán completamente paritarias.

### **Artigo 5. Neutralidade da organización**

---

<sup>1</sup> As cidades autónomas de Ceuta e Melilla participarán do proceso constituínte de Andalucía.

Do mesmo xeito que durante o proceso constituínte estatal, a organización no seu conxunto e os Círculos en particular teñen a responsabilidade de ser canalizadores deste proceso e, xa que logo, deben ser neutrais tanto nas súas actividades coma nas súas contas de redes sociais. A súa responsabilidade é promocionar o proceso constituínte. Isto implica que desde as contas oficiais (redes sociais, correo electrónico, etc.) non se poderá facer difusión de candidaturas concretas, senón soamente do proceso no seu conxunto.

Este principio non obsta para que as persoas inscritas, a título individual, poidan facer públicas as súas preferencias electorais sen restrición.

O Protocolo de Neutralidade completo inclúese no Anexo IV.

## **TÍTULO II - COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS**

### **Artigo 6. Tipos de órganos internos nas Comunidades Autónomas**

Os procesos constituíntes autonómicos teñen como fin establecer, nas Comunidades Autónomas que presenten candidaturas para iso, os seguintes órganos:

- Secretaría Xeral: unipersoal
- Consello Cidadán: 34 membros (a quen se sumará o/a Secretario/a Xeral)
- Comisión de Garantías Democráticas: 6 membros (dos cales 3 serán titulares e 3 suplentes; polo menos a metade deben ser xuristas, podendo ser 2 titulares e 1 suplente, ou ben 1 titular e 2suplentes)

### **Artigo 7. Modificación do número de membros dos órganos internos**

Os documentos político-organizativos das candidaturas ás Secretarías Xerais Autonómicas poderán contemplar, por causas xustificadas, a modificación á baixa do tamaño do Consello Cidadán ou da Comisión de Garantías Democráticas Autonómicas, nese caso estarían compostos por un número de membros inferior a 34 e a 6 (máis Secretario/a Xeral) respectivamente. Non obstante, as votacións axustaríanse ao número estándar de membros en cada órgano e as modificacións, de habelas, realizaríanse con posterioridade ás votacións.

O tamaño final dos órganos internos autonómicos será o establecido polo documento vinculado á Secretaría Xeral Autonómica máis votada en cada caso, sempre que conte coa aprobación da Comisión de Garantías Democráticas Estatal. No caso de que a Comisión de Garantías Democráticas Estatal non aprobase a modificación do tamaño dos órganos contemplado no documento político-organizativo, as correspondentes Secretarías Xerais Autonómicas estarían

obrigadas a modificar o devandito documento para axustar o número de membros ás pautas que aquela lle indique.

En ningún caso pode haber un Consello Cidadán Autonómico con menos de 1 membro por cada mil inscritos/as (incluíndo o Secretario/a Xeral).

### **Artigo 8. Tipos de candidatura**

Pódense presentar tanto candidaturas individuais coma equipos. Os equipos poderán presentarse como listas. Os equipos non están obrigados a presentar unha lista completa. As listas serán abertas.

Tanto se se presentan individualmente coma en equipos, as candidaturas á Secretaría Xeral serán sempre unipersoais e vinculadas a un documento político-organizativo. No caso das candidaturas presentadas como listas, o documento político-organizativo entenderase asociado á candidatura completa.

Si un/a candidato/a á Secretaría Xeral quere optar a ser membro do Consello Cidadán en caso de non ser electo/a como Secretario/a, deberá indicalo expresamente no formulario que se habilitará para rexistrar as candidaturas. En caso de querer optar tamén ao Consello Cidadán e ademais presentar unha lista, deberá incluír o seu nome como parte da lista do Consello. O/a candidato/a que opte por esta posibilidade asume que, en caso de presentar unha lista completa e el/ela saíse elixido/a para a Secretaría Xeral, a súa lista tería un membro menos (o lugar que el/ela ocupaban como posible candidato/a ao Consello Cidadán).

### **Artigo 9. Composición das candidaturas de tipo lista**

Para os Consellos Cidadáns e as Comisións de Garantías Democráticas pódense presentar candidaturas desde 1 persoa ata o número total de persoas correspondente ao propio órgano segundo o estipulado no Artigo 6. Consideraranse "listas" as agrupacións de candidatos/as compostas cando menos polo 30% dos membros a elixir no órgano correspondente (ver fase 2 da presentación de candidaturas).

### **Artigo 10. Restricións ao sufraxio pasivo**

Toda persoa maior de 18 anos inscrita en Podemos pode presentarse a calquera dos órganos mencionados, sempre que cumpra cos documentos aprobados na Asemblea Cidadá *Sí Se Puede*, especialmente co Código Ético, e sempre que cumpra cos requisitos e prazos deste proceso constituínte.

A Comisión de Garantías Democráticas definirá os elementos materiais e temporais para

obxectivar o cumprimento do mencionado Código Ético.

### **Artigo 11. Territorialidade do sufraxio**

Deberase estar inscrito/a en Podemos dentro da Comunidade Autónoma na cal se queira participar tanto para o sufraxio pasivo (ser elixido) coma activo (elixir).

### **Artigo 12. Definición do aval**

Avalar non implica apoiar unha candidatura. O sentido de avalar candidaturas por parte dos Círculos responde á responsabilidade destes de garantir que os/as candidatos/as cumpren os Principios Éticos, Políticos e Organizativos aprobados na Asemblea Cidadá *Sí Se Puede*. Os Círculos débense manter neutrais respecto das persoas e os contidos político-organizativos concretos das candidaturas sempre que cumpran cos mencionados principios.

### **Artigo 13. Aval dos Círculos**

Tódolos candidatos e candidatas deben ser avalados. As candidaturas individuais reciben avais de xeito individual. As candidaturas que formen equipos poden recibir un aval á lista completa (en bloque), ou ben aos seus membros por separado, non tendo que ser neste caso necesariamente avalados polo mesmo Círculo.

O requisito de aval en relación ás listas consiste en que tódolos seus membros deben ser avalados, xa sexa en bloque ou de xeito individual. Xa que logo, se todos ou algúns dos membros dunha lista foron avalados individualmente, non hai que solicitar un novo aval da lista.

O dereito a avalar corresponde aos Círculos.

Os Círculos só poderán avalar candidaturas da mesma Comunidade Autónoma na que desenvolven a súa actividade, xa sexan estes territoriais ou sectoriais. Por conseguinte, un Círculo pertencente a unha autonomía non pode avalar ningunha candidatura para outra autonomía, os Círculos municipais (sectoriais ou territoriais) da mesma autonomía si poden facelo e os Círculos estatais non poden avalar neste proceso.

As candidaturas non poden ser avaladas por máis dun Círculo.

Cada Círculo pode avala, como máximo, a 2 candidatos/as para a Secretaría Xeral, 68 candidatos/as para o Consello Cidadán e 12 candidatos/as para a Comisión de Garantías Democráticas (equivalente a dúas listas completas para cada órgano).

As asembleas nas que se decidan os avais deben ser emitidos entre o 7 e o 20 de xaneiro. A

reunión do Círculo para ese efecto ha de ser anunciada con antelación, seguindo o procedemento habitual dun Círculo.

#### **Artigo 14. Garantías extraordinarias para o dereito ao sufraxio pasivo**

Os Círculos son os garantes da superación dos requisitos mínimos por parte das candidaturas. Segundo esta función, poderase denegar o aval nos casos nos que:

a) Os/as candidatos/as individuais ou algún membro dunha lista incumpran co Código Ético de Podemos.

b) Non se garanta que polo menos un 10% dos membros dunha lista participen dalgunha forma nalgún Círculo da Comunidade Autónoma.

c) Soliciten o aval candidatos/as individuais que non vaian estar integrados nunha lista e que non asistan con anterioridade a ningunha reunión do Círculo.

d) O documento político-organizativo que presente unha candidatura sexa contradictorio cos documentos políticos, organizativos e/ou éticos aprobados pola Asemblea Cidadá *Sí Se Puede*.

e) En caso de dúbidas nalgún destes aspectos, o Círculo ou as candidaturas ás que se lles denegou o aval poderán recorrer á Comisión de Garantías Democráticas para a resolución do diferendo.

#### **Artigo 15. Composición de listas**

As candidaturas que se presenten en listas non están obrigadas a cumprir co criterio de equilibrio de xénero en tódolos casos nin coa proporción mínima de xuristas no caso das candidaturas para a Comisión de Garantías Democráticas. Ámbolos dous criterios de corrección serán aplicados aos resultados das votacións.

#### **Artigo 16. Nomes das candidaturas**

As listas que queiran presentarse utilizando un nome xa empregado por algún dos equipos do proceso constituínte estatal deberán solicitar autorización expresa dos membros de devanditos equipos.

En ningún caso os nomes das listas poderán outorgarse a representación de todo un Círculo, dado que esta estrutura ha de ser neutral no proceso. Polo tanto, o nome das listas non poderá incluír a palabra "Círculo" (nin en español nin noutros idiomas).

#### **Artigo 17. Causas de exclusión do proceso**

Consideraranse motivos de exclusión inmediata dos procesos constituíntes calquera tipo de comportamento orientado a menoscabar infundadamente a reputación dun/a candidato/a así como calquera comportamento xenófobo, homófobo, insultante ou violento acreditado en entornos de deliberación ou debate de Podemos. Corresponderá á Comisión de Garantías Democráticas a tarefa de garantir a observancia destas circunstancias.

## **TÍTULO III - SOBRE O DOCUMENTO POLÍTICO-ORGANIZATIVO**

### **Artigo 18. Vinculación ás Secretarías Xerais**

As candidaturas á Secretaría Xeral deberán ir vinculadas a un documento político-organizativo. As candidaturas aos Consellos Cidadáns Autonómicos non poden presentar un documento político-organizativo, pero asociaranse a un se forman parte dunha lista xunto cunha Secretaría Xeral.

### **Artigo 19. Contido**

Os documentos político-organizativos deberán incluír para a súa aprobación os elementos centrais e as prioridades da estratexia autonómica que os membros de Podemos levarán adiante.

Deberán avanzar nas liñas políticas e organizativas, dentro do marco aprobado pola Asemblea Cidadá Estatál, para cada un dos territorios correspondentes.

O documento político-organizativo deberá incluír un resumo da proposta dun tamaño máximo de 3.000 caracteres (con espazos).

Os Consellos Cidadáns Autonómicos deberán incluír preceptivamente as mesmas Áreas consignadas para o Consello Cidadán Estatál. Non obstante, estas Áreas poderán fusionarse e/ou modificar a súa denominación de acordo ás necesidades do Consello Cidadán Autonómico, coa condición de que se especifique con que Área do Consello Estatál están relacionadas. Os sectores de Sanidade e Educación, dada a súa vital importancia na xestión autonómica, deberán estar contemplados dalgunha forma dentro das áreas que se establezan.

### **Artigo 20. Aprobación dos documentos**

O documento político-organizativo aprobado será o correspondente á Secretaría Xeral máis votada en cada autonomía.<sup>2</sup> Estes documentos serán de obrigado cumprimento, desenvolvemento e aplicación polos Consellos Cidadáns resultantes das votacións.

## **TÍTULO IV - CALENDARIO ELECTORAL**

### **Artigo 21. Fases da presentación de candidaturas**

A presentación formal das candidaturas levarase a cabo en dúas fases.

- a) Fase 1: Rexistro de tódalas persoas que queiran presentar a súa candidatura.

---

<sup>2</sup> Ceuta e Melilla rexeranse polos resultados do proceso constituínte andaluz.

Todas e cada unha das persoas que queiran optar aos órganos internos autonómicos, independentemente de se van a título individual ou en equipos, deberán cumprimentar debidamente o formulario de candidaturas dentro dos prazos establecidos.

Só poderán enviar candidaturas persoas inscritas en Podemos.

A inscrición de candidaturas realizarase a través do portal [participa.podemos.info](http://participa.podemos.info).

Os formularios requirirán un texto coa biografía e outro coa motivación para presentar a candidatura (cada un, máximo 1.500 caracteres con espazos). Tamén requirirán achegar unha fotografía (formato JPG, máx. 2MB) e a acta (formato PDF e tamaño máximo 1MB) da reunión do Círculo na que se avalou a candidatura que se presenta, xa sexa aval individual ou de lista. Os/as candidatos/as á Secretaría Xeral deberán achegar, ademais, o documento político-organizativo (formato PDF, máx. 2MB).

As persoas que presenten a súa candidatura para a Comisión de Garantías Democráticas non poderán optar a outros órganos.

b) Fase 2: Rexistro dos equipos.

As persoas que, ademais, queiran compoñer listas, deberán cubrir un segundo formulario. Enviarase un único formulario por cada lista, no que se incluírán os nomes de tódalas persoas que a compoñen. Só poderán incluírse no formulario de listas persoas que previamente rexistren a súa candidatura na fase 1.

Co fin de facilitar o proceso de votación, consideraranse "listas" as agrupacións de candidatos/as compostas cando menos polo 30% dos membros a elixir no órgano correspondente. Isto equivale a un mínimo de 11 membros no caso dos Consellos Cidadáns e 2 no caso das Comisións de Garantías Democráticas, podendo incluír ou non unha candidatura á Secretaría Xeral.

## **Artigo 22. Prazos de presentación**

a) Fase 1: O prazo de presentación das persoas que queiran presentar as súas candidaturas para calquera órgano, incluíndo o documento político-organizativo no caso das Secretarías Xerais, será do 12 ao 20 de xaneiro. A recepción de candidaturas péchase o 20 de xaneiro ás 23:59 horas, ás 22:59 horas no caso de Canarias.

b) Fase 2: O prazo de inscrición dos equipos será o 23 e 24 de xaneiro. A inscrición de equipos péchase o 24 de xaneiro ás 23:59 horas, ás 22:59 horas no caso de Canarias.



### **Artigo 23. Normas e prazo de subsandación de problemas xurdidos no envío dos formularios**

Os datos introducidos directamente no formulario por parte dos candidatos e candidatas serán insubsandables unha vez enviados. Isto implica que non se poderán modificar as fotografías enviadas, así como tampouco os textos da biografía ou a motivación, nin os nomes das candidaturas.

Así mesmo, unha vez rexistradas as candidaturas, non se poderá solicitar a modificación do órgano ao que se postula.

Durante o proceso de presentación e promoción, os/as candidatos/as que así o desexen poderán dar de baixa a súa candidatura.

Só se tramitarán as incidencias que sexan causadas por algún problema informático alleo ao usuario e que cumpran coas seguintes pautas:

- Que o problema informático se deba a unha cuestión relativa a fallos do sistema técnico.
- Que a incidencia técnica se reporte debidamente dentro dos prazos establecidos (é dicir, antes do peche do prazo, que é o 20 de xaneiro para a fase 1 e o 24 de xaneiro para a fase 2, nas horas estipuladas no Artigo 22) ao correo [organos.autonomicos@podemos.info](mailto:organos.autonomicos@podemos.info)

No caso de non realizarse esta comunicación antes do peche do prazo non haberá posibilidade de subsandación respecto diso, ata nos casos nos que as candidaturas non quedasen rexistradas (ao ser rexistrada emítese un correo de confirmación).

Para poder tramitar ditas incidencias técnicas, o correo que se envíe deberá cumprir coas seguintes indicacións:

- Enviar o correo sempre desde a dirección de email que figura na inscrición en Podemos (comprobar os datos en [participa.podemos.info](http://participa.podemos.info)).
- Indicar nome completo, DNI, correo electrónico e teléfono móbil da/s persoa/s afectada/s cuxa incidencia se solicite emendar.
- Achegar unha captura de pantalla co erro que apareza no intento frustrado de envío do formulario. Esta captura de pantalla é clave para poder detectar o problema e darlle solución.
- Unha vez que reciba a nosa resposta ao seu email, terá un prazo máximo de 24 horas para

enviarnos o material ou datos que lle solicitemos para poder procesar a súa petición. De non recibir o que se lle requiriu dentro dese prazo, a incidencia quedará pechada sen posibilidade de subsandación posterior.

- Non enviar arquivos executables adxuntos, pois dese xeito o correo elimínase automaticamente.
- Non se tramitarán os correos que inclúan linguaxe soez ou ameazas.
- Recibimos centos (ás veces miles) de correos ao día. É responsabilidade de todos e todas favorecer a xestión das incidencias, polo que instamos a:
  - a) Ser claros e concisos á hora de expoñer a incidencia a tramitar.
  - b) Responder sempre dentro do mesmo fío aberto para a devandita incidencia (abrir novos fíos para un mesmo caso pode provocar que a incidencia quede sen resolver).
  - c) Non enviar máis dun correo coa mesma petición. Isto produce o efecto contrario ao desexado: no canto de conseguir unha resposta antes, aumenta o volume de correos e ralentiza o seu procesamento.

Unha vez tramitadas as incidencias, as modificacións pertinentes executaranse directamente sen enviar confirmación ás persoas afectadas.

#### **Artigo 24. Publicación e revisión das candidaturas**

As candidaturas provisionais faranse públicas na web <http://autonomicas.podemos.info> ao longo do día 25 de xaneiro. Estas listas non serán definitivas ata o inicio do período de votación. A Comisión do Consello Cidadán para os Procesos Constituíntes Territoriais e a Comisión de Garantías Democráticas revisarán o cumprimento dos requisitos establecidos para o proceso (en especial os relativos aos Principios Éticos) e poderán solicitar os cambios que consideren oportunos para que as candidaturas se axusten a estes, podendo ata solicitar a súa invalidación se fose necesario.

Como se expuxo anteriormente, durante o proceso de presentación e promoción, os/as candidatos/as que así o desexen poderán dar de baixa a súa candidatura.

Durante as primeiras 24 horas desde a publicación das listas (é dicir, ata as 23:59h/22:59h en Canarias do día 26 de xaneiro), os/as candidatos/as que detecten erros debidos a problemas técnicos nas súas candidaturas poderán solicitar a súa subsandación, coa condición de que se envíen a [organos.autonomicos@podemos.info](mailto:organos.autonomicos@podemos.info) e cumpran coas indicacións para o envío de correos expostas no Artigo 23.

Así mesmo, durante as primeiras 24 horas desde a publicación das listas (é dicir, ata as 23:59h/22:59h en Canarias do día 26 de xaneiro), poderanse reportar á Comisión de Garantías

Democráticas irregularidades detectadas noutras candidaturas por incumprimento do Código Ético de Podemos ou das normas establecidas no presente Regulamento, a través do seguinte enlace:

<https://participa.podemos.info/é/comision-de-garantias-democraticas>

Como se indica no Artigo anterior, non se atenderán solicitudes de modificacións dos datos enviados a través do formulario. Xa que logo, os datos introducidos directamente polos candidatos e candidatas a través do formulario habilitado non serán susceptibles de ser emendados. As solicitudes de subsandación de erros enviadas logo de 24 horas desde a publicación das listas ou que non se axusten ás indicacións expostas, non serán atendidas.

### **Artigo 25. Campaña electoral das candidaturas**

Cada candidatura ou lista organizará as actividades que consideren adecuadas para dar difusión aos seus membros e aos contidos ideolóxicos e programáticos que defenden.

A campaña electoral transcorre do 26 de xaneiro ao 8 de febreiro, tendo que cingirse á realización de actos de campaña a este período. Con anterioridade a este período pódense presentar candidaturas sen pedir o voto.

O Consello Cidadán Estatal velará para que se habilite un espazo na web de Podemos para dar a coñecer todas as candidaturas en igualdade de condicións.

O Consello Cidadán Estatal impulsará espazos e dinámicas de participación para visibilizar os diferentes candidatos/as e para fomentar a interlocución destes/as coa cidadanía. A concreción destes dependerá do que tecnicamente se considere máis axeitado en función do número de candidaturas e a dispoñibilidade de medios da organización.

Seguindo o principio de neutralidade, a través das súas contas oficiais (redes sociais, correo electrónico, etc.) os Círculos e órganos estatais non poderán facer difusión dalgunha candidatura concreta. Os Círculos están obrigados ao respecto deste principio e só poderán promocionar o proceso no seu conxunto e os espazos habilitados para a presentación de tódalas candidaturas.

## **TÍTULO V - PROCESO DE ELECCIÓN**

### **Artigo 26. Quen pode votar**

Pode votar nas primarias para a elección dos órganos internos calquera persoa que estea inscrita en Podemos na Comunidade Autónoma correspondente.

### **Artigo 27. Procedemento de voto**

O voto emitirase telematicamente a través de participa.podemos.info. O Consello Cidadán Estatal habilitará o sistema de votación segundo o censo de cada autonomía.

Poderán habilitarse mesas presenciais para facilitar o voto telemático á cidadanía.

Os equipos que presenten candidaturas poderán realizar propostas de listas completas ao conxunto dos órganos (Secretaría Xeral, Consello Cidadán e Comisión de Garantías Democráticas), coa condición de que así o rexistraran na fase 2 de presentación das candidaturas a través do formulario de listas.

A orde de aparición na tarxeta de votación será aleatoria entre as listas.

As candidaturas que non se presenten integradas en listas serán por defecto agrupadas nunha única lista na que os seus nomes se amosarán de xeito aleatorio para cada elector/a.

A elección ao Consello Cidadán e á Comisión de Garantías Democráticas realizarase por listas abertas, é dicir, cada elector/a poderá amosar a súa preferencia tanto por listas completas, como por candidatos/as de listas distintas ou por candidatos/as que non se integraran en ningunha lista.

Cada elector/a poderá votar un máximo de 1 persoa para a Secretaría Xeral (que estará vinculada a un documento político-organizativo), un máximo de 34 persoas para o Consello Cidadán e un máximo de 6 para a Comisión de Garantías Democráticas.

### **Artigo 28. Período de votación**

A votación estará aberta desde o 9 de febreiro ás 9:00 horas (8:00 horas no caso de Canarias) ata o 13 de febreiro ás 23:59 horas (22:59 horas no caso de Canarias).

No caso de que por motivos técnicos o inicio da votación se atrasase, este prolongaríase un número de horas equivalente á finalización do proceso.

## **TÍTULO VI - PROCLAMACIÓN DOS RESULTADOS**

### **Artigo 29. Corrección dos resultados da votación**

Sairán electas as persoas máis votadas para cada órgano, independentemente do equipo ao que pertencen, coa única corrección do xénero que comportará a paridade completa.

No caso das Comisións de Garantías Democráticas, aplicarase, ademais, a corrección

correspondente para garantir que se cumpre coa porcentaxe de xuristas estipulada, isto é, un mínimo de 3 membros (que poden ser 1 titular e 2 suplentes, ou 2 titulares e 1 suplente).

### **Artigo 30. Proclamación dos órganos internos**

O Consello Cidadán Estatal proclamará e publicará a lista de resultados o 14 de febreiro. Xunto coa elección da Secretaría Xeral, resultará considerado definitivo o seu correspondente documento político-organizativo.

### **Artigo 31. En caso de baixa permanente de o/da Secretario/a Xeral**

No caso de baixa permanente do/da Secretario/a Xeral, xa sexa por dimisión, falecemento ou calquera outra causa sobrevida así confirmada pola Comisión de Garantías Democráticas, deberase repetir o proceso de elección.

Se a baixa se producise durante o proceso constituínte por causas xustificadas e aceptadas pola Comisión de Garantías, a candidatura poderá elixir un novo candidato a Secretario/a Xeral entre os membros da lista.

### **Artigo 32. En caso de baixas de membros do Consello Cidadán ou da Comisión de Garantías Democráticas**

No caso de baixa permanente de membros dos Consellos Cidadáns ou as Comisións de Garantías Democráticas Autonómicas procederase conforme ao disposto no Artigo 31 para a Secretaría Xeral.

## **ANEXO I - CALENDARIO DOS PROCESOS CONSTITUYENTES AUTONÓMICOS**

Concesión de avales de candidaturas	7 ao 20 xaneiro
Inscripción de candidaturas (fase 1)	12 ao 20 xaneiro
Subsandación incidencias técnicas	21 e 22 xaneiro
Rexistro de equipos (fase 2)	23 e 24 xaneiro
Publicación das listas	25 de xaneiro
Comunicación de irregularidades	26/01/14
Período de revisión de candidaturas	27 ao 30 xaneiro
Campaña electoral	26 xaneiro ao 8 febreiro
Período de votación	9 ao 13 febreiro
Proclamación dos resultados	14 de febreiro

## **ANEXO II - DISPOSICIÓN TRANSITORIAS DO DOCUMENTO ORGANIZATIVO APROBADO NA ASEMBLEA CIDADÁ *SÍ SE PUEDE***

**Disposición Transitoria 1ª.** O Consello Cidadán terá como tarefa prioritaria e urxente o impulso dos procesos constituíntes das estruturas territoriais. Para iso destinará recursos dispoñibles pola organización a facilitar os procesos electorais. Neste sentido e agás que motivos técnicos así o impidan, cumprirase o seguinte calendario constituínte territorial.

### ▣ Constituíntes Municipais:

- 16 de novembro ao 5 de decembro, presentación de candidatos/as á Secretaría Xeral e Consellos Cidadáns. Os/as candidatos/as presentarán un proxecto político-organizativo para a organización no municipio como requisito fundamental.
- 6 de decembro a 25 de decembro, campaña electoral.
- 26 de decembro a 30 de decembro, votación.
- 2 de xaneiro, proclamación de candidatos.

### ▣ Constituíntes Autonómicas:

- 7 de xaneiro ao 25 de xaneiro, presentación de candidatos/as á Secretaría Xeral e Consellos Cidadáns. Os/as candidatos/as presentarán un proxecto político-organizativo para a organización na Comunidade Autónoma como requisito fundamental.
- 26 de xaneiro ao 8 de febreiro, campaña electoral.
- 9 de febreiro a 13 de febreiro, votación.
- 14 de febreiro, proclamación de candidatos.

**Disposición Transitoria 2ª.** Ata a constitución das estruturas territoriais e, polo tanto, o nomeamento dos/as 17 Secretarios/as Territoriais correspondentes e o/a representante dos/as inscritos en Podemos residentes no estranxeiro, o Consello Cidadán estará formado polos 63 membros elixidos pola Asemblea, máis o/a Secretario/a Xeral como membro nato.

**Disposición Transitoria 3ª.** Os Círculos Podemos que non cumpran con algún dos Artigos deste protocolo dispoñen dun prazo máximo de dous meses desde a súa aprobación para adecuarse a este.

**Disposición Transitoria 4ª.** De oficio, ou a instancia de parte, a Comisión de Garantías Democráticas poderá actuar con carácter inmediato naqueles casos de incumprimento manifesto deste protocolo.

**Disposición Transitoria 5ª.** Naqueles casos nos que convivan dous Círculos en idéntico ámbito territorial, o proceso constituínte do Consello Cidadán en caso de existir e a elección do/da Secretario/a Xeral estará mediado pola Comisión de Garantías Democráticas.

**Disposición Transitoria 6ª.** O prazo establecido para o silencio administrativo positivo no Artigo 46 deste protocolo será de tres meses en lugar de 30 días durante os seis meses inmediatamente posteriores á Asemblea Cidadá.

**Disposición Transitoria 7ª.** O Consello Cidadán, no prazo de 6 meses, elaborará un regulamento de desenvolvemento destes Estatutos que incluírá un marco sancionador para casos de incumprimento.

**Disposición Transitoria 8ª.** O Consello Cidadán desenvolverá un réxime de incompatibilidades para o exercicio de cargo público ou organizativo. Este réxime incluírá incompatibilidades de orde persoal, civil e político e será de obrigado cumprimento para o exercicio do dereito ao sufraxio pasivo.

**Disposición Transitoria 9ª.** Co obxecto de facilitar a constitución de Podemos nos distintos municipios e, de forma provisional en tanto non se decida autonomamente noutro sentido, os Consellos Cidadáns municipais terán o seguinte número de membros:

Nos municipios con menos de 100 inscritos non será necesario elixir un Consello Cidadán.

- Nos comprendidos entre 100 e 200 inscritos 7 membros.
- Nos comprendidos entre 200 e 500 inscritos un Consello Cidadán de 11 membros.
- Nos comprendidos entre 500 e 1000 inscritos un Consello Cidadán de 17 membros.
- Nos comprendidos entre 1000 e 2000 inscritos un Consello Cidadán de 21 membros.
- Nos municipios de máis de 2000 inscritos un Consello Cidadán de 25 membros.

**Disposición transitoria 10ª.** Co obxecto de facilitar a constitución de Podemos nas distintas autonomías, e de forma provisional en tanto non se decida autonomamente noutro sentido, os Consellos Cidadáns autonómicos terán 34 membros máis un Secretario Xeral que actuará como coordinador.

## **ANEXO III - SOBRE A ELECCIÓN NOS CABIDOS INSULARES**

### **Artigo 1. Calendario e procedemento de elección**

O calendario e o procedemento de elección para o proceso de elección dos membros dos órganos de Podemos para os Cabidos Insulares será o establecido no presente Regulamento para o proceso autonómico.

### **Artículo 2. Competencias**

As competencias dos Consellos Cidadáns Insulares e os seus Secretarios/as Xerais estableceranse pola Asemblea Cidadá Autónoma de orde territorial superior.

### **Artigo 3. Tamaño dos Consellos Cidadáns Insulares**

Co obxecto de facilitar a constitución de Podemos no distintos Cabidos e, de forma provisional en tanto non se decida autonomamente noutro sentido, os Consellos Cidadáns Insulares terán o seguinte número de membros:

- Nas illas con menos de 100 inscritos/as non será necesario elixir un Consello Cidadán, tan só Secretario/a Xeral.
- Nas illas con entre 101 e 200 inscritos/as, 7 membros (incluído o Secretario/a Xeral).
- Nas illas con entre 201 e 500 inscritos/as, 11 membros (incluído o Secretario/a Xeral).
- Nas illas con entre 501 e 1000 inscritos/as, 13 membros (incluído o Secretario/a Xeral).
- Nas illas con entre 1001 e 2000 inscritos/as, 17 membros (incluído o Secretario/a Xeral).
- Nas illas con máis de 2001 inscritos/as, o Consello Cidadán será de 21 membros.



## **ANEXO IV - PROTOCOLO DE NEUTRALIDADE PARA ADMINISTRADORES/AS DE CONTAS OFICIAIS DE REDES SOCIAIS DURANTE O PROCESO DE CONSTITUCIÓN DE ÓRGANOS AUTONÓMICOS**

Do mesmo xeito que durante o proceso de constitución de órganos a nivel estatal, durante o proceso autonómico os Círculos deberán respectar o protocolo de neutralidade tanto na súa actividade cotiá coma nas súas redes sociais. Os debates mantenos a xente. Os Círculos teñen a responsabilidade de promocionar e alentar tales debates, pero tamén de comportarse de xeito neutral, para que este sexa o máis limpo posible.

Protocolo de neutralidade de Círculos en redes sociais corporativas:

1) Os Círculos responsabilizaranse da promoción dos espazos onde se aloxan todas as candidaturas aos órganos autonómicos desde as contas corporativas de Podemos. En ningún caso poden promocionar listas ou candidaturas individuais concretas, dado que o número de candidaturas previsto para o proceso autonómico impide que estas se poidan promocionar por redes en pé de igualdade. Por conseguinte, a única forma de que todas elas se dean a coñecer nas mesmas condicións é que soamente se promocióne o espazo onde todas se aloxan.

2) Tódalas candidaturas son libres de crear perfís propios en redes sociais para promocionar os seus candidatos/as, pero en ningún caso estes poderán ser confusos ou poderá haber a posibilidade de que se confundan con redes oficiais de Podemos (non se poderán utilizar os logos ou banners oficiais de Podemos para estas, e na descrición deberá figurar que se trata da conta dunha candidatura).

3) Durante o proceso de promoción de candidaturas e as votacións, as contas oficiais de Podemos lanzarán varias campañas animando á participación e promocionando os espazos comúns, pero non promocionando candidaturas concretas. Ademais, habilitarase, do mesmo xeito que durante as primarias para a lista ás eleccións europeas e os procesos constituíntes estatal e municipal, a páxina de Facebook "Candidatos e candidatas Podemos", onde tamén se promocionarán os espazos comúns e o proceso, para que o maior número de xente posible poida acceder ao proceso e aos perfís de persoas candidatas, en igualdade de condicións.

4) Os/as candidatos/as teñen dereito a asegurarse de que este protocolo non se incumpre en beneficio dunha candidatura concreta, e no caso de que así aconteza, a reclamar o seu cumprimento ao Círculo e ás persoas responsables das redes sociais deste.

## **ANEXO V - FORMATO TIPO DE ACTA DE AVALES**

### **ACTA DO CÍRCULO PODEMOS xxxxxx**

Reunidos en [escribir lugar], o día [escribir día], ás [escribir hora] horas, en primeira convocatoria, coa asistencia de xx [escribir número de asistentes] persoas, tratáronse e acordáronse as seguintes cuestións:

#### **ORDE DO DÍA**

- 1.- Presentación de solicitude de avales polos candidatos/as en listas ou individuais
- 2.- Quenda de preguntas abertas aos/ás candidatos/as
- 3.- Aprobación de avais

#### **DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN E ACORDOS ADOPTADOS**

1.- Candidatos/as que solicitan avais:

1. Nome, Apelidos, DNI; Candidato/a a Secretario/a Xeral, Consello Cidadán ou Comisión de Garantías Democráticas.

2.

3.

...

2.- Candidatos/as aprobados e rexeitados (razoadamente):

1. Nome, Apelidos, DNI; Candidato/á Secretario/a Xeneral, Consello Cidadán ou Comisión de Garantías Democráticas.

2.

3.

...

#### **LUGAR E DATA**

Asistentes:

Asdo.

Asdo.

Asdo.

...